

O ENSINO DA XEOGRAFIA NA ESCOLA NORMAL DE SANTIAGO DURANTE A SEGUNDA REPÚBLICA

Francisco R. Durán Villa

A andadura normalista en España inicia-se en virtude da promulgación da Lei sobre Instrucción Pública o 21 de xullo de 1838, que sancionou a creación de Escolas Normais de Ensino Primario para a correspondente provisión de mestres en todo o territorio nacional. Concretamente, no seu artigo 11 establece que “cada provincia sosteirá por si soa, ou reunida a outra ou outras inmediatas unha Escola Normal de Ensino Primario”, reservando para Madrid a creación dunha Escola Normal Central (artigo 12) “destiñada principalmente á formación de mestres para as Escolas Normais subalternas”.

A partir da inauguración da Escola Normal Central, o día 8 de xaneiro de 1839, comenzan a proliferar estas institucións por todas as capitais provinciais a un ritmo bastante acelerado até 1847. Desde este ano, e como consecuencia dos excesivos costes que supón a súa mantenza ás Deputacións Provinciais, xunto coas presións efectuadas polos grupos máis reaccionarios do país, acusando-as de ser divulgadoras de “ideas progresistas”, asistimos á paulatina aparición dunha serie de medidas legais encamiñadas ao seu control e limitación. Unhas medidas que culminarán coa promulgación do Real Decreto de 30 de abril de 1849, polo que se reducen a trinta o total de centros permitidos, fronte aos corenta e dous existentes nesas datas, fixando un total de nove Escolas Normais Superiores, formadoras de mestres de Ensino Primario superior nos distritos universitarios de Barcelona, Granada, Oviedo, Salamanca, Santiago, Sevilla, Valéncia, Valladolid e Zaragoza.

As primeiras noticias concretas que posuimos sobre a Escola Normal de Santiago recollen-se nun informe remitido, o 13 de Xullo de 1849, polo entón Reitor da Universidade Literaria de Santiago, Dr. D. Juan José Viña, como representante do devandito centro en virtude do Real Decreto de 30 de Abril dese mesmo ano, ao Alcalde Correxidor da cidade, dando-lle conta do escrito mandado polo Ministro de Facenda (Juan Bravo Murillo), relativo á creación e ubicación da Escola: “En vista do expediente relativo á Escola Normal Superior de Instrucción Primaria dese Distrito Universitario e enterada a Raiña (q.D.G.) do exposto polo xefe político da provincia do que V.S. manifesta no seu escrito do 17 do

presente mes, serviu-se S.M. resolver cá expresada Escola se estabeleza nesa cidade de Santiago e para que V.S. proceda desde logo a dispoñer a sua colocación na parte que fose máis apropiado do Coléxio de San Xerome ou o denominado de Fonseca e a formar o presuposto das obras que resulten necesarias para habilitar o edificio e tamén o dos enseres e efectos de ensino, na intelixencia de que deberán ser trasladados a esa os que existen na Coruña a excepción dos pertencentes á Escola Práctica que son propiedade de aquel Axuntamento e serán replazados polos que suministre o Axuntamento de Santiago, a quen corresponde esta obriga...” (1).

Ubicada definitivamente a Escola no Coléxio de San Xerome, abrirá definitivamente as suas portas no curso académico 1849-1850, baixo a dirección de D. Antonio de la Iglesia. Os aspirantes a mestres recibirán as clases no primeiro andar do edificio, mentres que o baixo se destinará a Escola de Prácticas. Presupoño, ante a ausencia de fontes documentais, que esta Institución funcionou desde as suas orixes como escola de mestres. Para confirmá-lo teremos que esperar até o Real Decreto de 2 de setembro de 1914, polo que se modifican as Normais, donde no Capítulo Primeiro, Art. 4 expón que “Na capital de cada Distrito Universitario existirá unha Escola Normal de Mestres e outra de Mestras, excepto no de Santiago, no que a de Mestras continuará establecida na Coruña” (2).

A partir do curso académico 1920-1921 modifica-se a situación anterior, ao abrir-se por primeira vez unha convocatória de matrícula libre para as mulleres, permitindo-lles a realización do exame no Centro santiagués, en virtude do disposto pola Real Orden de 20 de Abril de 1921 (G.M. de 27 de Maio). “De conformidade coa instancia presentada polo Excmo. Sr. D. Miguel Gil Casares, Catedrático e Senador da Universidade de Santiago dita-se a seguinte R.O. ...S.M. el Rei Q.D.G. resolveu: Que mentres non exista en Santiago unha Escola Normal de Mestras, o profesorado da de Coruña pase a Santiago a examinar ás alunas libres...”.

Este primeiro logro que abriu unha vía para o posterior establecemento dunha Escola Normal feminina na cidade, amplía-se coa promulgación da R.O. de 22 de Xullo de 1922, ao permitir a implantación da coeducación, con carácter prvisorio, no Centro, “o autoriza-lo para que admita matriculas oficiais e libres de alunas de carreira de Maxistério, quem poderán cursar os seus estudos na devandita Escola e seren examinadas de todas as asignaturas, excepto das de Labores, Pedagogía e Prácticas de Ensino, das que serán xulgadas por tribunais compostos por Profesoras Numerarias de escola Normal”. Para a formación destes tribunais dítaran-se anualmente e de modo ininterrumpido unha serie de Reais Ordes ate o curso 1927-1928. No segundo trimestre do ano académico seguinte, a promulgación de R.O. 325 de 14 de Febreiro (G.M. de 27 de Febreiro), supón a consecución do último eslabón para o establecemento definitivo dunha Institución feminina ao conceder-lle a Normal de Santiago unha Profesora Numeraria de Labores e Economía Doméstica. Sen embargo, teremos que esperar até o nove de marzo de 1931 para a entrada en funcionamento da Escola Normal de Mestras, en virtude do R.D. de 6 de Decembro de 1930.

Coa chegada da República o 14 de Abril de 1931, atopamo-nos en Santiago coa existencia de dúas Normais (3), rexidas por un Plan de Estudos publicado o 2 de Setembro de 1914, innovador, no seu momento, no ámbito pedagóxico e fundamentalmente no campo xeográfico.

O novo goberno republicano ten-se que enfrentar, desde os primeiros momentos, cunha serie de problemas estruturais, agravados nos últimos anos pola instauración da Ditadura

primoriverista. O principal, sen lugar a dúbidas, era o económico (desigualdades no reparto da propiedade da terra, pervivencia duns sistemas de produción obsoletos, a depreciación da peseta nos mercados internacionais...), e intrinsecamente vinculados con el aparecían os sociais (desemprego, analfabetismo...), que abranguen a todos os estamentos da poboación.

As principais liñas de actuación do Goberno Provisional polarizan-se directamente sobre tres fronteas ao traveso da promulgación dunha serie de Decretos reformadores. Por orde de importancia, os primeiros, emanados do Ministerio de Traballo, encamiñan-se a aminorar a problemática social do agro; desde o Ministerio de Guerra acomete-se unha reforma dos exércitos e desde o de Instrución Pública, con Marcelino Domingo ao fronte, vislumbra-se o interese do novo Réxime pola difusión e mellora cultural. Esta aspiración ponse de manifesto coa rápida creación do “Patronato de Misiones Pedagógicas”, con D. Manuel Bartolomé Cossío como Presidente, pasando pola ampliación e dotación de prazas de mestres de primaria, a reforma do Plan de estudos das Escolas Normais o 30 de Setembro de 1931 (G.M. de 31 de Novembro), e polo que a elas se refire, culmina coa orde de unificación das escolas masculinas e femininas o 18 de Novembro do mesmo ano (G.M. de 31 de novembro) e a supresión da Escola Superior do Maxistério (4) despois da creación da Sección de Pedagogía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid, “co fin de que nela se preparen no sucesivo os profesores de Normais” (G.M. de 29 de Xaneiro de 1932).

Entre 1931 e 1939 coexisten nas Escolas Normais os Plans de estudos de 1914 e 1931, xunto cunha terceira vía que poderíamos denominar de “transición” ou “homologación”, destinada “a adaptar a nova organización ós dereitos adquiridos polos aspirantes ao ingreso nas Escolas Normais que fixeran a súa matrícula dentro do prazo legal...” (D. 1135, Artículos Adicionais. Art. 1., G.M. de 30 de Setembro).

Seguindo unha orde cronolóxica, o Plan de 1914 presenta grandes innovacións se o comparamos cos precedentes (1843, 1849 e 1858), principalmente no tocante aos contidos xeográficos. A medida máis significativa entre as adoptadas, foi a disociación da antiga cátedra de Xeografía e Historia da Escola Superior do Maxistério, convertendo-a en dúas independentes, coa conseguinte separación das respectivas disciplinas nas Escolas Normais. Neste cambio xogou un papel decisivo o entón Subsecretario do Ministerio de Instrución Pública D. Eloy Boullón, catedrático de Xeografía Descritiva e Política da Universidade de Madrid, e responde á influencia que esta exercendo o paradigma rexionalista vidaliano na xeografía universitaria española.

Podemos afirmar que a obra de Vidal de la Blache se encamiñou principalmente de cara a dous derroteiros. O primeiro deles sería diferenciar a xeografía da historia e romper coa súa vinculación tradicional, unha tradición que aparece nas obras de xeografía desde a antigüidade clásica e pervive e realza-se na obra ritteriana por influxo da clasificación kantiana das ciencias. O seu esforzo por diferenciá-las levou-no a escribir aquelas verbas taxantes “a xeografía é a ciencia dos lugares, e non dos homes” (CAPEL, H., 1981, 334). O segundo dirixiuse a buscar a unidade da ciencia xeográfica ante o temor da súa escisión en dous bloques, polo desenvolvemento en paralelo que están a seguir as ramas física e humana. Unha unidade que logrou o delimitar o campo da xeografía entre as ciencias da natureza e do home, e ao conferir-lle un obxecto específico de estudo: a rexión, entendida como un espazo cunhas características físicas e humanas propias, donde ambas as dúas combinan-se e interrelacionan-se permitindo-nos a súa individualización.

A influencia francesa, mentada nas liñas precedentes, desprende-se moi nítidamente da análise do novo currículo de maxisterio, un currículo a desenrolar en catro anos, dispostos de un modo cíclico e analítico (5) no que se refire aos contidos xeográficos. Desde o primeiro curso e de maneira consecutiva imparte-se “Nocións de Xeografía e Xeografía Rexional”, “Xeografía de España”, “Xeografía descritiva” e “Ampliación da Xeografía de España”.

Desde o curso 1924-1925 vén impartindo as devanditas asignaturas na Escola Normal de Santiago D. José Durán y Alonso, como Profesor Numerario (4 cursos), nomeado en virtude da permuta efectuada con D. Cándido Corvacho Landín (R.O. de 4 de Xullo de 1923), tomando posesión da praza o primeiro de Agosto do mesmo ano. O libro de rexistro de profesorado, conservado no arquivo da Escola, non fai mención algunha sobre a súa procedencia e formación. Ao carecer de algunha obra xeográfica da súa autoría para o seu enxuízamento, tiven que recurrir, por forza, as versións dadas por tres ex-alunas. Son consciente de que esta fonte indirecta é insuficiente e parcial polo número de encuestados. Digo parcial con coñecemento de causa, xa que á hora de enxuízar a un profesor é moi difícil deslindar entre o docente e a persoa, o que pode inducir a xuízos erróneos.

A información recollida é coincidente á hora de caracterizá-lo como un home de saber enciclopedista, dotado dunha oratoria grandilocuente. O seu ensino discursivo caracterizábase pola mera descrición física dos espazos xeográficos, completados con notas de xeografía política e etnografía, e adornados, en conxunto, con apuntamentos históricos, artísticos e literarios, tanto máis abundantes, estes últimos, a medida que aumenta o descoñecemento do espazo a explicar.

Os intentos de renovación do ensino que se perseguían coa posta en vigor deste Plan, é evidente que en Santiago non se materializaron. Fronte ao método da observación directa, propugnado por Rousseau, Pestalozzi e Froebel, e recollido na exposición do Decreto, os alumnos reciben o ensino, única e exclusivamente, no marco convencional da aula, sometidos a unha aprendizaxe memorística e contando co manual como único recurso didáctico.

A promulgación do Decreto 1135 o 29 de Setembro de 1931 (G.M. de 30 Setembro), reorganizando os estudos de Maxisterio, supón unha ruptura drástica coa liña educativa mantida nas Escolas Normais desde a súa creación en 1839.

A preparación do Maxisterio Primario comprenderá tres períodos, segundo se recolle no Art. 1^a do devandito Decreto: un de CULTURA XERAL, outro de FORMACION PROFESIONAL e un terceiro de PRACTICA DOCENTE. Nestas breves liñas recollen-se as tres grandes modificacións establecidas por este Plan, e servirán de base para a elaboración do actualmente en vigor (Plan 1971).

A primeira das etapas mentadas, a de “cultura xeral”, realizará-se nos Institutos Nacionais de Segundo Ensino, o que implica a necesidade de estar en posesión de Título de Bacharelato para poder efectuar o ingreso na Normal (6), o que lle confire aos estudos de Maxisterio un rango universitario. Os coñecementos xeográficos dos futuros mestres so “Plan Profesional” serán moi distintos ao estaren en relación co Plan de Bacharelato cursado (1901, 1926 e 1930). Non obstante, o espírito que guiaba o ensino destes contidos mantivo-se neles cun “carácter á vez formativo e de información enciclopédica” (R.O. 1587 de 25 de Agosto de 1930).

As dúas primeiras promocións do novo Plan de Estudos, ingresan na Normal cun Título se Bacharelato expedido conforme as disposicións vixentes desde 1903 (7). Desde unha

óptica xeográfica comprobamos, unha vez lido o devandito Plan, que estos alumnos foron os máis aventaxados, xa que no seu currículo aparecen dúas asignaturas específicas de xeografía: “Xeografía Xeral e de Europa” e “Xeografía Especial de España”, en primeiro e segundo curso respectivamente, a pesar da polarización da xeografía universal, única e exclusivamente, sobre Europa.

Durante os tres cursos seguintes (1933-1934, 1934-1935 e 1935-1936), incorporan-se á Normal os alumnos do Plan de Bacharelato de 1926, articulado en dous ciclos: un Elemental e outro Universitario, de tres anos de duración cada un deles. Xeograficamente este Plan supón unha involución respecto do precedente, de novo a xeografía aparece supeditada a historia, servindo tan só como base para describer o medio natural onde se van desenvolver uns feitos históricos. Dentro do primeiro ciclo, concebido como unha vía para a adquisición dunha “Cultura Xeral”, os alumnos cursan consecutivamente “Nocións Xerais de Xeografía e Historia Universal”, “Nocións xerais de Xeografía e Historia de América” (concebida como unha epopeia ao lonxano poderío dos Austrias) e “Xeografía e Historia de España”. O descrédito da asignatura fai-se patente ao comprobarmos que no Bacharelato Universitario, articulado en Ciencias e Letras, só existe unha “Xeografía Política e Económica”, común para ambas as dúas seccións.

O Goberno do xeneral Berenguer elaborou unha nova reforma do ensino medio recollida no R.D. de 25 de Agosto de 1930, creando un só Bacharelato en Artes cunha duración de seis anos, donde os catro primeiros son comúns e os dous restantes serven de especialización en Ciencias ou Letras. Do Plan precedente retoma-se a vinculación da xeografía e a historia, pero a diferenza del, baixo a denominación “Xeografía e Historia” aparece unha asignatura disposta de un modo gradual ao longo dos seis anos. Sen embargo, a formación xeográfica dos alumnos segue sendo moi deficitaria.

Os contidos que hai que impartir son os específicos de Xeografía Descritiva, Xeografía Política e Xeografía Económica, uns estudos que “deberán ser á vez totais, pero moi elementais e sucintos, e en cambio extensos e especialmente plenos e descritivos das partes escollidas, até con elementos de literatura de viaxes e notas literarias” (R. D. 1587, de Agosto de 1930). En última instancia comprobamos como o método utilizado pola xeografía rexional francesa se estende agora aos niveis medios de ensino, ao facer obrigatorio “o coñecemento pleno da cidade e a comarca na que se estuda, e da provincia e da rexión; con información total terá de estudar-se a Xeografía de España” (R. D. 1587, de 25 de Agosto de 1930).

A segunda etapa que tiña que realizar un aspirante a mestre empeza coa súa incorporación á Escola Normal, unha vez superado un exame de ingreso (8). As disciplinas conducentes á súa formación profesional articulan-se en tres grandes bloques: “Coñecementos filosóficos, pedagóxicos e sociais”, “Metodoloxías especiais” e “Materias artísticas e prácticas”, repartidas ao longo dos tres cursos que conforman este período. En base ao exposto, comprobamos como as actuais Escolas Normais se dedican exclusivamente á formación profesional pedagóxica, seguindo o modelo suízo o anglosaxón, abandonando o sistema francés implantado desde a creación destas institucións e caracterizado pola coexistencia da formación cultural e profesional. Pedro Chico y Rello, Catedrático de Xeografía de Escola Normal, dí que “a Normal nova vai formar novos mestres... A clase de hoxe xa non é o monólogo morto; o profesor de hoxe xa non intenta impoñer o seu ideal de perfección que, ao fin e ao cabo, é visión subxectiva de ideais e problemas, senon que quere enfrontá-los co dos alumnos par que tomen libremente deles os que xulguen máis aproveitábeis segundo a súa

própria personalidade e, o que é mellor motivar-lles os seus, seus propios ideais creadores” (HERRERO, C. 1986,33).

A única asignatura de xeografía imparte-se no segundo curso e denomina-se “Metodoloxía da Xeografía”. Os contidos inherentes a esta disciplina serían o dar a coñecer ao alumno os métodos utilizados na investigación xeográfica e a súa aplicación ao ensino, conxuntamente coa utilización de recursos didácticos. Circunscrebendo-nos á Escola de Santiago, foi imposible coñecer a orientación dada a esta asignatura. Sorprendeume o feito de que unha vez vaciados os fondos bibliográficos do Centro, correspondentes a estes anos, comprobei a non existencia dun só manual relacionado con estes contidos, a práctica totalidade son de xeografía descritiva, excepto algun texto de xeografía política e os seguintes dicionarios xeográfico-históricos.

A última etapa empeza unha vez rematados os estudos na Normal e leva-se a cabo durante un ou dous anos, segundo o ditame do Claustro en base aos resultados obtidos polo alumno. Unha vez rematado este período o mesmo Claustro elevará a proposta de nomeamento do mestre o Ministerio, implantando-se con isto o acceso directo.

Como nexa de unión entre o Plan de 1914 e o Profesional, o Goberno republicano adoptou unha terceira vía denominada “Plan Cultural”, encamiñada a homologar os alumnos que superarán o exame de ingreso á Normal segundo o establecido polas disposicións vixentes ao remate do curso 1930-1931 (9).

O primeiro efecto que supuxo a súa entrada en vigor foi a prolongación da carreira en tres anos. Os tres primeiros destinában-se a unha formación cultural xeral, de aí a súa denominación, e os restantes á formación profesional, segundo o establecido nese Plan.

As disciplinas xeográficas imparten-se nos dous primeiros anos, baixo a denominación aséptica de “Xeografía 1” e “Xeografía 2”. Probabelmente nesa denominación influira o plantexamento metodolóxico recollido por Chico y Rello e exposto nas liñas precedentes. O paso do papel á realidade consistiu, en Santiago, en retomar as asignaturas correspondentes aos dous primeiros cursos do Plan 1914 “Nocións de Xeografía e Xeografía Rexional” e “Xeografía de España”. Merece salientar, como única e notábel diferenza, a introdución dun amplo apartado, dentro da Xeografía de España, destinado ao estudo da xeografía de Galicia, vencellado moi probabelmente á difusión dunha conciencia e cultura galega grazas ao labor levado a cabo pola Xeración NOS. O manual utilizado para o seu estudo era o de José Crespo Rodríguez, instituído “Compendio de geografía especial de Galicia” (10). Unha obra claramente enciclopedista, articulada en dous grandes bloques. No primeiro fai-se unha descrición sucinta de toda a rexión e no segundo, baixo o epígrafe “Mapa de Galicia”, descende pormenorizadamente ao ámbito provincial e municipal.

O decreto de unificación das Escolas masculina e feminina de 30 de outubro de 1931, creando un Centro único, supuxo, xunto coa implantación do réxime de coeducación, un incremento dos membros claustrais e do número de alumnos por curso (11).

O aumento do profesorado por materias patentiza-se ao observar o Plan de organización Docente correspondente o período 1931-1938 (12):

PLAN	ASIGNATURAS	1931	1932	1933	1934	1935	1936	1937
		1932	1933	1934	1935	1936	1937	1938
14	X. España	Cantón	—	—	—	—	—	—
14	X. Universal	Durán	Durán	—	—	—	—	—
14	A. X. España	Cantón	Cantón	Rey Daviña	—	—	—	—
Cul.	Xeografía 1	Rey Daviña	—	—	—	—	—	—
Cul.	Xeografía 2	—	Cantón	—	—	—	—	—
Prof.	Metodoloxía da xeografía	—	Cantón	Durán	Martínez Álamo	Martínez Álamo	Martínez Álamo	Martínez Álamo

Conxuntamente con José Durán y Alonso atopámonos na Escola con M. Cruz Cantón-Salazar, profesora Numeraria de Xeografía (4 cursos), procedente da Normal Feminina, que permanece no Centro até o curso 1932-1933. Xunto a estes e por primeira vez fai-se cargo dunhas asignaturas de xeografía José Rey Daviña, Profesor Auxiliar Numerario de Letras, abandonando esa disciplina no curso 1933-34 para facer-se cargo da cátedra de Metodoloxía da Lingua e Literatura Española. Como consecuencia da xubilación de Durán y Alonso, accede a cátedra de Metodoloxía da Xeografía, por traslado interno, Mercedes Martínez Alamo, até ese momento Profesora Numeraria de Paidoloxía e Organización Escolar.

Por último e a modo de colofón, podemos afirmar que a reforma efectuada polo Goberno republicano foi modélica no ámbito pedagóxico. Non obstante, o non corre parello cunha reforma do Ensino Meio e unha reciclaxe do profesorado das Normais, os logros conseguidos viron-se bastante aminorados. No campo xeográfico, a escasa formación do profesorado neste ámbito (13), xunto cunha traxectoria profesional non específica, é dicir, desenvolada ao traveso das diferentes disciplinas de Letras, fixo que pervivira un ensino descritivo, moi somero, e unha aprendizaxe memorística, unha constante que se manterá na Institución ao longo de moitos anos.

NOTAS

- (1).—A Escola Normal da Coruña cerrou como consecuencia das medidas adoptadas polo R. D. de 30 de Abril de 1849. Estableceu-se unha polémica con Madrid pola conservación da mesma e resolveu-se, como poidemos comprobar, a favor de Santiago.
- (2).—A escola da Coruña reabriu as portas en virtude do disposto pola Ley Moyano de 1857.
- (3).—A Escola Normal de Mestras funcionaba, con turno vespertino, no mesmo local que a de Mestres.
- (4).—A Escola Normal Central desaparece en 1901. En 1907 crea-se “La Junta para el Fomento de la Educación Nacional”, transformando-se en 1911 en Escola Superior de Maxisterio (HERRERO, C., 1986, 32).

- (5).—Neste momento entende-se por “ensino cíclico” un ensino gradual e continuo.
- (6).—Desde a promulgación do Decreto 1135 de 29 de Setembro de 1931, queda anulado o derito que tiñan os bachaleres a obter o Título de Mestre, mediante a realización dun exame das materias pedagóxicas, práctica docente e música. (Art. 18).
- (7).—O Plan de Bacharelato de 1901 modificou-se polo R.D. de 6 de Setembro de 1903.
- (8).—O exame de ingreso comprendía tres exercicios, un de Letras, un de Ciencias e un terceiro de Redacción.
- (9).—O número de alumnos afectados polo cambio acaendeu a un total de 111.
- (10).—José Crespo era Profesor Numerario de Pedagogía da Escola Normal Masculina de Santiago. Entre as súa publicacións destacan, xunto coa Geografía, un Compendio de Historia General de Galicia e un Compendio de Agricultura Industrial de Galicia.
- (11).—Durante o curso 1931-1932, achamo-nos con dous grupos de Xeografía de España, un masculino e outro feminino. Sen embargo, aparece como encargada de ambos os dous M. Paz Cantón-Salazar.
- (12).—Non existen Actas de exame do curso 1938-1939, o que fai presupoñer que se mantivo pechada ao longo dese ano. É significativo o feito de que as promocións 1936-1937 e 1937-1938 eran só femininas, como consecuencia da mobilización da poboación masculina pola guerra.
- (13).—A pesar de non termos referencias sobre a formación xeográfica de Mercedes Martínez Alamo, a súa pertenza á promoción da Escola Superior correspondente a 1913-1914, indica que foi aluna do eminente xeógrafo Ricardo Beltrán Rózpide, influido polas ideas Institucionalistas, o que a coloca en franca vantaxa cos seus predecesores.

BIBLIOGRAFIA:

- BAILEY, P. (1981): *Didáctica de la Geografía*. Cincel-Kapelusz, Madrid.
- CAPEL, H. (1981): *Filosofía y Ciencia en la geografía contemporánea*. Barcanova, Barcelona.
- ESTEBANEZ, J. (1982): *Tendencias y problemática actual de la geografía*. Cincel, Madrid.
- HERRERO, C. (1986): “Presente y futuro de la geografía en las Escuelas Normales”. En *Actas del I Encuentro de Profesores de Geografía de las Escuelas Unversitarias de Magisterio*, pp. 27-54.
- LOSADA, D. (1986): *La formación de los maestros*. En *Rev. Adaxe*, nº 2, pp. 45-60.
- POZO, M. M. (1986): *Guadalajara en la Historia del Magisterio español*. Universidad de Alcalá de Henares, Madrid.